




Abraham Pérez explora a masculinidade, a clase e o desexo en “A vida a arder”

Sara Valcárcel, 05 de novembro de 2025

<https://editorialgalaxia.gal/abraham-perez-explora-a-masculinidade-a-clase-e-o-desexo-en-a-vida-a-arder/>



A vida a arder, de [Abraham Pérez](#), é un libro de relatos que afonda nas feridas e incertezas da vida.

Un mozo que vai vivir coa súa parella, un home divorciado que inicia a súa xornada laboral, unha rapaza que visita os seus pais tras perder o emprego, unha carta enviada desde Seúl vinte anos despois, un exconvicto que retorna ao fogar, dous amigos nun concerto...

A través destas historias, o autor explora temas como a clase, a masculinidade, o desexo, as relacións sociais e o tempo que nos toca vivir. Cun estilo directo, mais cheo de matices poéticos e reflexións íntimas, *A vida a arder* retrata vidas urbanas marcadas pola Gran Recesión e por unha incerteza que se infiltra tanto no ámbito laboral como no afectivo.

Un libro intenso, preciso e vibrante, que podería lerse como un disco de rock literario, con toda a súa forza, crudeza e emoción contida.